



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA PLURILINGÜE
DE AMES



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES PLURILINGÜE DE AMES

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES PLURILINGÜE DE AMES

CURSO 2022-2023

Proxecto lingüístico de centro (PLC)

De acordo co artigo 14 do Decreto 124/2007, o PLC debe conter a seguinte información:

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7 a 12 do Decreto 124/2007.
- As medidas de apoio e reforzo adoptadas para o correcto uso lingüístico escolar e educativo, para alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo.
- Os criterios para determinar a lingua predominante no contorno (a que se refire o artigo 7).
- As medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega.

Introdución

O IESP de Ames, a través deste Plan Lingüístico de Centro, quere facer público o seu compromiso co plurilingüismo desde unha perspectiva inclusiva, que teña en conta a situación social dos idiomas e que atenda á imprescindible promoción do galego, sobre todo entre as novas xeracións. Unha promoción que se entende en positivo, como un factor de cohesión social e de uso en todos os contextos comunicativos, especialmente naqueles que afecten aos intereses do alumnado.

Así mesmo, entendemos que neste concepto de plurilingüismo debemos contribuír a reforzar a relación histórica do galego co portugués, fomentando a intercomunicación cultural do noso alumnado no ámbito da lusofonía.

O noso centro propón a toda a comunidade educativa de Ames un decálogo de boas prácticas lingüísticas nas aulas e na contorna escolar, para evitarmos que os prexuízos e estereotipos condicionen un trato desigual das distintas linguas no noso centro. Este decálogo, por suposto, é orientativo, e non exime do cumprimento da lei.

Decálogo para un plurilingüismo inclusivo

1. As linguas do centro suman: non hai ningunha que sobre ou que limite o coñecemento. Todos os idiomas que fala o noso alumnado deben ser valorados e tidos en conta como ferramentas comunicativas e como indicadores da diversidade cultural da sociedade contemporánea.



2. As linguas enriquecen: amplían a nosa visión do mundo, son instrumentos culturais, flexibilizan a nosa mente.
3. Desde un punto de vista científico, evitaremos nas aulas que se fale de linguas "fermosas" ou "feas" ou de "máis ou menos útiles"; todas as valoracións sobre as linguas agochan percepcións subxectivas condicionadas por factores culturais, económicos ou políticos de carácter histórico, que dan lugar a estereotipos e prexuízos que cómpre desterrar do discurso pedagóxico.
4. Todas as linguas son instrumentos de comunicación perfectamente válidos, e a súa "utilidade" depende de múltiples factores, tanto individuais como colectivos. A única lingua "inútil" é aquela que non se fala, ben por prohibición expresa, ben por falta de prestixio.
5. Os procesos de substitución lingüística non son naturais nin inevitables: unha lingua deixa de falarse por unha serie de factores económicos, culturais e políticos que condicionan negativamente aos seus usuarios. Eses factores deben ser tidos en conta para comprender o uso diglósico das linguas dentro dunha comunidade como Galicia, onde existe unha situación de desigualdade que se manifesta nunha progresiva e constante diminución na porcentaxe de galegofalantes.
6. O único modo de asegurar o futuro do galego como lingua de comunicación é fomentar o seu uso, de acordo coa lexislación vixente, pero incrementando a súa presenza non só como materia de ensino, senón como lingua presente na vida do centro, dentro e fóra das aulas, nas situacións formais e informais, como un idioma ao que todas e todos concedemos a maior visibilidade posible, en canto "lingua propia" de Galicia, ademais de cooficial xunto co castelán.
7. A normalización lingüística non debe ser nunca unha responsabilidade exclusiva do profesorado do departamento de galego, senón un labor colectivo que precisa da implicación de toda a comunidade educativa.
8. É a nosa responsabilidade como docentes ofrecer ao alumnado un modelo de lingua estándar culto e coidado, que estimule o seu desexo de mellorar no coñecemento do idioma; non debemos conformarnos cun uso público da lingua que caia no desleixo, pois debemos ser referentes positivos para o noso alumnado.
9. Ensinar linguas non é só aprender a gramática e normas de uso dun idioma concreto. Implica tamén estimular a curiosidade intelectual do alumnado sobre todo o que ten que ver coas palabras, coa súa orixe e usos, coa súa función identitaria e cultural, co seu valor simbólico e literario.
10. Ensinar linguas é aprender a respectar o diferente, á persoa que non fala coma nós. Implica tamén respectar as variantes orais e dialectais dos idiomas, entendidos non como códigos monolíticos, senón como organismos vivos que serven para comunicarnos e enriquecernos culturalmente.

O marco legal

Na actualidade, a educación secundaria integra dúas etapas moi distintas. Por unha banda, temos a educación secundaria obrigatoria (ESO) e, por outra, a secundaria postobrigatoria, que comprende o bacharelato e a formación profesional, coa súa ampla variedade de ciclos formativos.

Esta diversidade de etapas dentro da educación secundaria ten a súa correspondencia no Decreto 124/2007, que regula a utilización das dúas linguas oficiais no sistema educativo. Nel distínguese claramente entre a secundaria obrigatoria (ESO) e a postobrigatoria. Á primeira dedícaselle o artigo 8:

1. Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro, ambas as dúas materias se impartirán en galego.

2. A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia nas dúas linguas oficiais que repercuta de forma positiva no seu uso.

No que se refire ao ensino postobrigatorio, nin o bacharelato nin a formación profesional teñen un regulamento tan específico coma o da ESO.

Para a formación profesional, o artigo 11 di:

Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a Dirección, oídos os departamentos correspondentes, para alcanzar a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas.

En todos os módulos garantirá que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega.

A atención fíxase especialmente nos anos da ESO, por seren os últimos do ensino obrigatorio. O obxectivo de conseguir que ao final da etapa o alumnado teña unha boa competencia nas dúas linguas oficiais recóllese de xeito explícito no artigo

8.3. Dáse por sentado que, independentemente das capacidades e dos resultados académicos individuais, a competencia en castelán está garantida pola súa amplísima presenza social; a que nos debe preocupar é a que, á vista da experiencia destes últimos anos, non se está a acadar por un significativo sector do alumnado: unha boa competencia en lingua galega. En contornos galego falantes, a dificultade principal seguirá estando no mantemento da lingua familiar do alumnado, pois a competencia na L2 non presenta dificultade ningunha, como ben nos indica a experiencia acumulada nestes anos. a) En contornos galego falantes o reto maior segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa L1 e non abandonen o seu uso, sobre todo no plano oral. Nesta etapa de secundaria este obxectivo adquire unha relevancia maior, pois precísase contrarrestar a presión social en contra.

A adquisición dunha boa competencia na L2 (o castelán, nestes contextos) está moi favorecida pola amplísima presenza social e pola actitude positiva cara á súa aprendizaxe.

b) O traballo arredor das actitudes e prexuízos cobra unha importancia relevante, pois na adolescencia poden converterse no obstáculo principal para que a competencia na súa L1 se traduza ou non nunha utilización práctica.

A lei 8/2013 de 9 de decembro, coñecida como LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa) indica no artigo 23 bis o seguinte:

Artigo 23.bis. Ciclos de Educación Secundaria Obrigatoria.

A educación Secundaria Obrigatoria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo dun.

O segundo ciclo ou cuarto curso da ESO terá un carácter fundamentalmente propedéutico.

De acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que entra en vigor o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a opcionalidade dos cursos pares queda da maneira que se indica. Nos cursos impares, coa entrada en vigor da LOMLOE, tamén aparece recollida.

Isto implica que no presente curso 2022/2023 coexisten os dous modelos educativos.

Segundo o artigo 7.3 do Decreto 279 / 2010, as Materias que hai que impartir obrigatoriamente en galego, son *Bioloxía e xeoloxía, Ciencias da natureza e Ciencias sociais, xeografía e historia*; as Materias que hai que impartir obrigatoriamente en castelán son *Física e química, Matemáticas e Tecnoloxías*. Tamén no mesmo Decreto, no artigo 7.2, indícanse que **"As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia"**.

PRIMEIRO CURSO ESO (LOMLOE)

Neste curso, a materia de Educación Física é impartida en lingua inglesa.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : relixión católica ou proxecto competencial; segunda lingua estranxeira francés ou reforzo educativo (esta última para alumnado con necesidades específicas). Aparece a materia de "tecnoloxía e dixitalización", e dúas horas de afondamento (unha de matemáticas e outra de lingua e literatura galega).

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 1º ESO

Galego	Horas	Castelán	Horas
Bioloxía e xeoloxía	3	Lingua castelá e literatura	3
Xeografía e historia	3	Matemáticas	4
Lingua galega e literatura	3	Tecnoloxía e Dixitalización	3
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Relixión católica	
		Proxecto competencial	1

Lingua estranxeira - Inglés

2ª Lingua estranxeira – Francés
 Educación física (Materia Plurilingüe - Inglés)

SEGUNDO CURSO ESO (LOMCE)

Neste curso as materias de libre configuración de centro son: "Programación", "Igualdade de xénero" e "Matemáticas manipulativas".

A materia de Educación física impártese en inglés (posto que sendo centro plurilingüe se imparte neste idioma unha materia en cada nivel).

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : relixión católica ou valores éticos; segunda lingua estranxeira francés ou reforzo educativo (esta última para alumnado con necesidades específicas).

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 2º ESO

Indícanse a lingua marcada xa pola administración

Física e Química	3 horas	CASTELÁN*
Xeografía e Historia	3 horas	GALEGO*
Educación Física (centro plurilingüe)	2 horas	INGLÉS
Tecnoloxía	3 horas	CASTELÁN*
Lingua Castelá e Literatura	3 horas	CASTELÁN*
Lingua Galega e Literatura	3 horas	GALEGO*
Matemáticas	5 horas	CASTELÁN*
Música	2 horas	GALEGO
Primeira Lingua estranxeira - Inglés	3 horas	INGLÉS*
Segunda Lingua Estranxeira - Francés	2 horas	FRANCÉS*
Valores Éticos ou Relixión	1 hora	GALEGO
Materia de Libre Configuración	1 hora	GALEGO
* Programación		GALEGO
* Matemáticas manipulativas		GALEGO
* Canto coral		GALEGO
* Igualdade de xénero		
Titoría	1 hora	GALEGO

TOTAL 32 HORAS

Horas en galego: 10 + 1 Titoría; Horas en castelán: 14; outras linguas: 7

Ás 32 horas lectivas réstanselle 11 horas (das 4 linguas), polo que quedarían 21 horas lectivas que habería que repartir ao 50% entre as que se impartirían en galego e en

castelán.

- As 11 horas que haberían que impartir en castelán, están xa marcadas pola Administración: *Física e química, Matemáticas e Tecnoloxía*. Polo que o resto das materias deben impartirse, para mantermos achegados a paridade ao 50%, todas en galego. Cómpre resaltar que Educación Física se imparte en inglés atendendo á condición de centro plurilingüe.

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 2º ESO PMAR

Ámbito lingüístico social	9	Galego
Ámbito científico e matemático	8	Castelán
Ámbito de linguas estranxeiras	3	Inglés
Educación física	2	Inglés
Música	2	Galego
Tecnoloxía	3	Castelán
2ª Lingua estranxeira - Francés	2	Francés
Relixión católica	1	Castelán
Valores éticos	1	Castelán
Igualdade de xénero	2	Galego

TERCEIRO CURSO (LOMLOE)

As materias de "Física e química" e "Bioloxía e xeoloxía" serán impartidas en inglés. Ofértanse "Matemáticas orientadas as ensinanzas académicas" e "Matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas" (a súa impartición dependerá de se se alcanza o grupo mínimo de alumnado para formar grupo).

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : relixión católica ou proxecto competencial. Incorpórase a materia de "educación en valores cívicos".

Como optativas autonómicas temos "cultura clásica", "2ª lingua (francés)", "educación dixital" e "oratoria".

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 3º ESO

Galego	Horas	Castelán	Horas
Xeografía e historia	3	Lingua castelá e literatura	3
Lingua galega e literatura	3	Matemáticas	4
Educación física	2	Música	2
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Cultura clásica	
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1	Oratoria	
		Educación Dixital	3
Relixión católica			
Proxecto competencial	1		

Bioloxía e xeoloxía (Materia plurilingüe – Inglés)

Física e química (Materia plurilingüe – Inglés)

Lingua estranxeira – Inglés

2ª Lingua estranxeira - Francés

3º ESO PDC

Galego	Horas	Castelán	Horas
Ámbito lingüístico social (12h lectivas - 3 h inglés, 9 galego-)	9	Ámbito científico-tecnolóxico	8
Educación física	2	Música	2
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Oratoria	3
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1	Relixión católica	
		Proxecto competencial	1

Ámbito lingüístico social (12 h lectivas 9 h galego e 3 h-inglés)

CUARTO CURSO (LOMCE)

Organización do cuarto curso da ESO.

O seguinte cadro resume a oferta educativa para este curso 2022/23

Lingua galega e literatura
Lingua castelá e literatura
Primeira lingua estranxeira - Inglés
Educación Física
Xeografía e Historia (inglés)
Titoría
Escoller unha:
o Relixión
o Valores éticos
ENSINANZAS
ACADÉMICAS
o Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas
APLICADAS
o Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas
Materias troncais (escoller unha opción)
ACADÉMICAS
o OPCIÓN "A"
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química
Elixir unha:
o Tecnoloxía
o Economía
APLICADAS
o OPCIÓN "B"
- Economía
- Latín
Elixir unha:
o Filosofía
o Educación Plástica, Visual e Audiovisual
APLICADAS
o OPCIÓN "C"
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
- Ciencias aplicadas á Actividade Profesional
Elixir unha:
o Tecnoloxía
o Educación Plástica, Visual e Audiovisual
Materias específicas de opción (numerar do 1 ao 7 por orde de preferencia; só se cursa 1)
<input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Francés
<input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira - Portugués
<input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual
<input type="checkbox"/> Música
<input type="checkbox"/> Latín
<input type="checkbox"/> Cultura Científica
<input type="checkbox"/> Filosofía
<input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e da Comunicación
<input type="checkbox"/> Cultura Clásica (se non a cursaches en 3º ESO)

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 4º ESO

MATERIAS	Académicas	Aplicadas	
Física e Química	3 horas	3 horas	CASTELÁN*
Xeografía e Historia	3 horas	3 horas	INGLÉS**
Educación Física	2 horas	2 horas	GALEGO
Tecnoloxía		3 horas	CASTELÁN*
Tecnoloxías da información e da comunicación	3 horas	3 horas	GALEGO



Lingua Castelá e Literatura	3 horas	3 horas	CASTELÁN*
Lingua Galega e Literatura	3 horas	3 horas	GALEGO*
Matemáticas orientadas ás Ensinanzas académicas	4 horas		CASTELÁN*
Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas		4 horas	CASTELÁN*
Bioloxía e Xeoloxía	3 horas		GALEGO*
Música	3 horas	3 horas	CASTELÁN
Cultura Clásica	3 horas	3 horas	CASTELÁN
Economía	3 horas		CASTELÁN
Cultura Científica	3 horas	3 horas	GALEGO
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial		3 horas	GALEGO
Latín	3 horas	3 horas	GALEGO
Primeira Lingua estranxeira - Inglés	3 horas	3 horas	INGLÉS*
Segunda Lingua Estranxeira - Francés	3 horas	3 horas	FRANCÉS*
Valores Éticos ou Relixión	1 hora		GALEGO
Titoría	1 hora		GALEGO

* Horas coa lingua marcada pola lexislación.

**Xeografía e Historia materia plurilingüe.

Sen contarmos coas 12 horas dedicadas ás linguas, a oferta educativa por linguas está equiparada ao 50%.



PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO (LOMLOE)

Organización do primeiro curso do Bacharelato:

MATERIAS COMÚNS:

- LINGUA GALEGA E LITERATURA I
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS I
- FILOSOFÍA
- EDUCACIÓN FÍSICA

***ATENCIÓN – MOI IMPORTANTE** : En cada apartado dos que seguen, con independencia do número de materias a cursar, débense **marcar 1, 2, 3, ... segundo a orde de preferencia**, por se non fose posible adxudicar a primeira opción elixida. **En caso de non indicar preferencia, asignaráselle outra opción aleatoriamente.**

MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA

<p>Obrigatoria: MATEMÁTICAS I</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cursaranse dúas materias (marcar 1, 2, 3 ...) <input type="checkbox"/> FÍSICA E QUÍMICA <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA , XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO I <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I
--

Enumerar por orde de preferencia 1, 2, 3 ... Só se cursa unha materia.	
4 horas	
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> FÍSICA E QUÍMICA <input type="checkbox"/> BIOLOXÍA , XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO I <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA <input type="checkbox"/> ANATOMÍA APLICADA <input type="checkbox"/> CULTURA CIENTÍFICA <input type="checkbox"/> ANTROPOLOXÍA <input type="checkbox"/> 2ª LING .ESTRANX.: FRANCÉS I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: ITALIANO I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: PORTUGUÉS I <input type="checkbox"/> LITERATURA GALEGA DO S XX E A ACTUALIDADE <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I <input type="checkbox"/> ----- materia doutra modalidade 	

DISPOSICIÓN DO CENTRO	
Elixir unha materia de unha hora (marcar do 1 ao 5 por orde de preferencia) ou ben a materia de Relixión	
<p>1 hora</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUAS CLÁSICAS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CC AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LING. ESTRANX. INGLÉS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LING. ESTRANX. FRANCÉS <input type="checkbox"/> REFORZO DE FÍSICA E QUÍMICA 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> RELIXIÓN



- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> REFORZO DE ECONOMÍA<input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS I | |
|--|--|

A IMPARTICIÓN DAS MATERIAS ELIXIDAS, ESTARÁ CONDICIONADA A QUE HAXA UN NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO E ÁS POSIBILIDADES ORGANIZATIVAS DO CENTRO.

MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

<ul style="list-style-type: none"> - Obrigatorias (elixir unha) : <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I - Cursaranse dúas materias: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> GREGO I <input type="checkbox"/> HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> LITERATURA UNIVERSAL <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I

Enumerar por orde de preferencia 1, 2, 3 ... Só se cursa unha materia.

4 horas
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> GREGO I <input type="checkbox"/> HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> LITERATURA UNIVERSAL <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I <input type="checkbox"/> ANATOMÍA APLICADA <input type="checkbox"/> CULTURA CIENTÍFICA <input type="checkbox"/> ANTROPOLOXÍA <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: FRANCÉS I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: ITALIANO I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: PORTUGUÉS I <input type="checkbox"/> LITERATURA GALEGA DO S XX E A ACTUALIDADE <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I <input type="checkbox"/> ----- materia doutra modalidade

DISPOSICIÓN DO CENTRO

Elixir **unha materia** de unha hora (marcar do 1 ao 5 por orde de preferencia) **ou** ben a materia de Relixión

<p>1 hora</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUAS CLÁSICAS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CC AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> REFORZO DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> REFORZO DE LING. ESTRANX. INGLÉS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LING. ESTRANX. FRANCÉS <input type="checkbox"/> REFORZO DE ECONOMÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> RELIXIÓN
--	---

A IMPARTICIÓN DAS MATERIAS ELIXIDAS, ESTARÁ CONDICIONADA A QUE HAXA UN NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO E ÁS POSIBILIDADES ORGANIZATIVAS DO CENTRO.



IDIOMA DAS MATERIAS PARA 1º DE BACHARELATO

Galego	Horas	Castelán	Horas
Lingua galega e literatura I	3	Lingua castelá e literatura I	3
Filosofía	3	Física e química	4
Anatomía aplicada	4	Matemáticas I	4
Debuxo técnico I	4	Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	4
Educación física	2	Tecnoloxía e Enxeñaría I	4
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	4	Economía	4
Latín I	4	Grego I	4
Historia do mundo contemporáneo	4	Libre configuración	
		Relixión católica	1

Lingua estranxeira I: Inglés

2ª Lingua estranxeira I Italiano: Italiano

2ª Lingua estranxeira I Francés: Francés

2ª Lingua estranxeira I Portugués: Portugués



2º CURSO DE BACHARELATO

2º de BACHARELATO - MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		
Bloque de materias TRONCAIS		
+ Historia de España + Lingua Castelá e Literatura II + Lingua Galega e Literatura II		
1ª Lingua Estranxeira: Inglés II		
Modalidade de Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades	
Obrigatorias: + Matemáticas aplicadas ás CC.SS. + Historia da Filosofía Cursarase unha materia: <input type="radio"/> Economía de empresa <input type="radio"/> Historia da arte <input type="radio"/> Xeografía	Obrigatorias: + Latín II + Historia da Filosofía Cursarase unha materia: <input type="radio"/> Grego II <input type="radio"/> Historia da arte <input type="radio"/> Xeografía <input type="radio"/> Economía da empresa	
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS)		
OPCIÓN A (completar 8 horas: 1 materia de cada columna ou 2 da primeira)		
Materias de 4 horas	Materias de 3 horas	Materias de 1 hora
* Economía de Empresa * Xeografía * Bioloxía * Latín II * Historia da Arte	* Historia da música e da danza * Psicoloxía * Debuxo artístico II * Técnicas de expresión gráfico plástica * Imaxe e son * TIC II * Segunda Lingua Est. a) Francés II b) Italiano II	* Relixión Católica * Reforzo de Mat. aplicadas ás Ciencias Sociais * Reforzo de Lingua Castelá e Literatura * Introducción á contabilidade * Matemáticas para a economía de empresa



2º de BACHARELATO - MODALIDADE DE CIENCIAS

MODALIDADE DE CIENCIAS		
Bloque de materias TRONCAIS		
+ Historia de España + Lingua Castelá e Literatura + Lingua Galega e Literatura + Matemáticas 1ª Lingua Estranxeira: Inglés		
TRONCAIS DE OPCIÓN		
Obrigatoria: *Matemáticas A escoller dúas: <ul style="list-style-type: none"> ● Bioloxía ● Xeoloxía ● Física ● Química ● Debuxo Técnico II 		
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (Bacharelato de Ciencias)		
Opción A (completar 8 horas con 1 materia de cada columna ou 2 da primeira)		
Materia de 4 horas	Materias de 3 horas	Materias de 1 hora
* Bioloxía * Xeoloxía * Física * Química * Debuxo Técnico II *Economía de empresa *Historia da filosofía	* Historia da música e da danza * Ciencias da Terra e do Medio Ambiente * Debuxo Artístico II * Técnicas de expresión gráfico plástica *Tecnoloxía industrial II * TIC II * Psicoloxía * Segunda Lingua Est. a) Francés II b) Italiano II c) Portugués II	* Relixión Católica * Introducción ás ciencias biosanitarias * Reforzo de matemáticas II * Reforzo de lingua castelá e literatura II * Introducción á contabilidade
Opción B: cursaranse 2 materias de 3 horas e 1 materia de 2 horas		
Materias de 3 horas	Materias de 2 horas	



* 2ª lingua estranxeira: Francés II *2ª lingua estranxeira: Italiano II *Debuxo artístico II *Historia da música e da danza *Psicoloxía *Técnicas de expresión gráfico plástica *Ciencias da Terra e do Medio Ambiente *Tecnoloxía Industrial II *TIC II	*Métodos estatísticos e numéricos *Electrotenia *Introdución ás ciencias da actividade física e deporte *Literatura galega do século XX e principios do XXI *Relixión Católica + unha materia de 1 hora do cadro de arriba
*Imaxe e son	

IDIOMA DAS MATERIAS PARA 2º DE BACHARELATO

MATERIAS OBRIGATORIAS		
Historia de España	3	Castelan
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán
Lingua galega e Literatura	3	Galego
Matemáticas II	4	Galego
1ª Lingua estranxeira Inglés II	3	Inglés
Das 16 horas das materias Obrigatorias, 9 corresponden ás linguas. Quedan 7 horas, das que 4 se imparten en GALEGO e 3 en CASTELÁN.		
OPCIÓN DE BLOQUE (materias de 4 horas) E troncais non elixidas na opción de bloque		
Bioloxía	4	Galego
Física	4	Castelán
Química	4	Galego
Debuxo Técnico II	4	Galego
Economía da empresa	4	Castelán
Matemáticas aplicadas ás CCSS	4	Castelán
Historia da arte	4	Castelán
Historia da filosofía	4	Galego
Xeografía	4	Galego
Latín II	4	Castelán
Grego II	4	castelán
Distribución: 6 materias en CASTELÁN e 5 en GALEGO		
MATERIAS DE 3 HORAS		
Tecnoloxía industrial	3	
Ciencias da terra e do medio ambiente	3	
Debuxo artístico II	3	
Técnicas de expresión grafico-plástica	3	
TIC II	3	
Tecnoloxía Industrial II	3	
Psicoloxía	3	
Historia da música e da danza	3	
2ª Lingua estranxeira Francés II	3	
2ª Lingua estranxeira Italiano II	3	
2ª Lingua estranxeira Protugués II	3	
Distribución: 3 materias en castelán, 5 en galego, 3 noutras linguas.		
MATERIAS DE 2 HORAS		
Introdución a contabilidade 1	2	Castelán
Introdución ás técnicas da actividade física e do deporte	2	Castelán
MATERIAS DE 1 HORA		
Relixión Católica	1	Castelán
Introdución ás ciencias biosanitarias	1	Galego
Afondamentos/reforzos Lingua castelá	1	Castelán
Afondamentos /reforzos Matemáticas	1	Galego

NOTA IMPORTANTE: Ao principio de cada curso académico, adaptarase a lingua na que se imparten as materias optativas de tal modo que se cumpra o obxectivo do equilibrio de uso ao 50% entre galego e castelán. Esta escolla depende do reparto das optativas de cada curso, e reflíctese no DOC do centro.



CICLOS FORMATIVOS IESP DE AMES / CURSO 2022-2023

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA. INFORMÁTICA DE OFICINA.

1º CURSO			
Módulo	Duración	Horas semanais	Idioma
Ciencias aplicadas I		6	Galego
Comunicación e sociedade I		7	Castelán
Montaxe e mantemento de sistemas		10	Galego
Ofimática e arquivamento de documentos		8	Castelán
Titoría		1	Galego
		32	
2º CURSO			
Módulo		Horas semanais	Idioma
Ciencias aplicadas II		7	Castelán
Comunicación sociedade II		6	Galego
Instalación e mantemento de redes		9	Castelán
Operacións auxiliares para a configuración e..		9	Galego
Titoría		1	Galego
		32	